

THE SHAPE OF THINGS Unha obra de Neil LaBute

A FORMA DAS COUSAS **Dossier**

Dirección e dramaturxia Carlos Álvarez-Ossorio

SARA CASASNOVAS | BORJA FERNÁNDEZ | VICTORIA PÉREZ | MACHI SALGADO

PRODUCE



COA AXUDA DE

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

CO APOIO DE



Rianxo

fundación  sgae



A FORMA DAS COUSAS (The Shape of Things) de Neil LaBute

PRESTREA: 17 de Marzo, Auditorio de Rianxo.

ESTREA : Teatro Colón , A Coruña 18 de Marzo de 2015..

Proxecto subvencionado pola AGADIC coa colaboración do Concello de Rianxo e a Fundación SGAE.

Dirección e dramaturxia Carlos Álvarez-Ossorio

Autor Neil LaBute

Elenco Sara Casasnovas
Borja Fernández
Victoria Pérez
Machi Salgado

Música Orixinal Pablo Seoane

Escenografía Suso Montero

Iluminación Octavio Mas

Vestuario Esther Souto

Cobertura técnica RTA

Deseño gráfico e Video Manuel Silva

Fotografía Corsino

Comunicación Alberto Ramos

Producción executiva Marta Horjales

Evelyn, unha iconoclasta e excéntrica estudante de arte entregada en corpo e alma á preparación do seu proxecto de tese de doutoramento, aparece na vida monótona de Adán, un mozo inseguro e sen sorte no amor. El, que xamais se preocupara pola súa imaxe, está disposto a cambiar calquera trazo da súa personalidade con tal de gustarlle a ela.

Pouco a pouco irase transformando, converténdose nun tipo máis desexable e atractivo. Non obstante, o cambio físico e emocional de Adán chamará a atención dos seus amigos máis próximos (Jenny e Fili), e pronto terá inesperadas consecuencias para todos, pois os amigos de Adán non están moi de acordo coas intencións de Evelyn de mudalo.

The Shape of Things estreouse no Almeida Theatre de Londres o 24 de maio del 2001, protagonizado por Rachel Weisz, Gretchen Mol, Paul Rudd e Frederick Weller, e coa música de Smashing Pumpkins. A versión cinematográfica do mesmo LaBute estreouse en xaneiro do 2003 no festival de Sundance.

Notas de Dirección

The Shape of Things é unha brillantísima comedia negra asinada por Neil LaBute, considerado como o herdeiro natural de David Mamet. Trátase dunha historia provocadora, contundente, intelixente e moi divertida que pescuda sobre os límites do amor e da arte contemporánea.

Atopamos no texto unha obra que apela directamente ao espectador, despertando preguntas ás que todos –dalgún xeito ou doutro– debemos afrontar nalgún momento da vida: Até onde estamos dispostos a chegar no nome do amor? Estamos polo labor de renunciar á nosa dignidade? E á nosa intimidade? Situámonos así diante dun perverso

xogo ao redor do ridículo e da humillación pública, onde o sexo se transforman na maior das ferramentas de manipulación.

Referímonos a unha das obras que catapultou a un autor, Neil LaBute, que ten demostrada a súa habelencia para nos contar historias de personaxes correntes que, ás veces, se comportan de xeito cruel e que o fan sen un motivo aparente. Precisamente esa conduta falta de razóns, atentado a toda lóxica, é a que fai que nos sintamos identificados, representados, retratados.

Nesta pequena xoia, LaBute –a través dunha escrita intelixente e perspicaz, de ritmo trepidante e chea de diálogos irónicos– abre un debate sobre os límites morais das relacións humanas, da arte e da complexidade da mente humana. Tamén sobre a súa capacidade de manipular e de ser manipulada. Este xogo de emocións constitúe un espello que LaBute nos chanta diante para nos amosar unha sociedade na que a intimidade está continuamente exposta e na que o único importante é a aparencia, a imaxe, o reflexo. En definitiva, a forma das cousas. Está é unha traxicomedia sobre a vaidade e a manipulación baixo a máscara dunha gran broma cruel, que non deixará o espectador indiferente.

Director de cine, guionista e dramaturgo norteamericano. Moi influenciado nos seus inicios pola dramaturxia de David Mamet, LaBute estuda teatro na Brigham Young University (BYU). Coñece entón o actor Aaron Eckhart, con quen traballará con frecuencia nas súas películas posteriores. Pouco tardaría en se vincular á igrexa dos Adventistas do Sétimo Día. Máis adiante remataría por se licenciar pola Universidade de Kansas, pola New York University e pola Royal Academy of London.



En 1993 volve á universidade de Brigham para estrear o seu primeiro éxito, *In the Company of Men*, que recibiu un premio da *Association for Mormon Letters*. O éxito da peza lévao a facer a adaptación cinematográfica, que gaña o premio ao mellor director no festival de cine de Sundance, o primeiro dunha longa serie de galardóns. A crítica eloxia especialmente o retrato perturbador das relacións humanas de dous homes de negocios misóxinos.

En 1998 aparece a súa segunda película *Your Friends & Neighbors*, descarnado retrato da vida sexual de tres parellas onde traballa tamén con Eckhart e con Ben Stiller. O ano seguinte estrea *Latter-Day Plays*, tres pezas curtas (*Iphigenia in orem*, *A gaggle of saints* e

Media redux) que retratan descarnadamente a igrexa dos Adventistas do Sétimo Día, dos que fará unha versión televisiva. A súa rotundidade supuxo a ruptura definitiva de LaBute co esta confesión.

En 2000 dirixe *Nurse Betty*, cun guión que non é seu, e que lle fai gañar a Palma de Ouro do Festival de Cannes á Mellor Dirección. En 2002 estrea outro filme, *Possession*, baseado no *best-seller* de A. S. Byatt, e *The Mercy Seat*, un espectáculo en resposta aos atentados do 11-S en Nova York interpretado por Liev Schreiber e Sigourney Weaver nos papeis protagonistas. A peza, un cara a cara cos mitos que os neoirquinos erixiron para atopar o consolo diante dos ataques, obtivo un gran éxito. En 2006 dirixe *The Wicker Man*, unha nova versión deste clásico de terror británico, agora interpretado por Nicolas Cage e Ellen Burstyn. Posteriormente, traballa na adaptación cinematográfica de *The Danish Girl*, de David Ebersho.

LaBute erixiuse, a través das súas obras, nun xuíz implacable na beira máis escura da natureza humana e da sociedade norteamericana. As súas películas mantiveron gran parte do esqueleto dramatúrxico do seu teatro: só personaxes que falan e revelan até que punto son malvados, escuros, ignorantes, ilusorios, ferintes, desilusionados e cínicos.

Máis información:

www.imdb.com/name/nm0001438

www.faber.co.uk

www.hackwriters.com

www.time.com/time/magazine/article/0,9171,1066876,00.html

Evelyn Sara Casasnovas

A actriz Sara Casasnovas iniciou a súa traxectoria artística en series da Televisión de Galicia e en diferentes espectáculos de cabaré. Ao longo da súa carreira, exerceu como intérprete tanto en cine coma en teatro e en televisión. No seu haber conta cunha considerable serie de galardóns e candidaturas a premios da escena e mais do audiovisual.

Un dos seus primeiros traballos en teatro foi en *Romeo e Julieta*, co que logrou o Premio Fetega á mellor Interpretación feminina. No eido audiovisual, Sara Casasnovas comezou en series galegas como *A vida por diante* ou *As Leis de Celavella*. Despois deu o salto á televisión estatal e participou en producións como *El comisario* ou *Hospital Central*. Para a TVE protagonizou *Amar en Tiempos revueltos*, traballo que lle achegou gran recoñecemento do público, así como varios premios á actriz revelación. Sara Casasnovas volvería repetir o mesmo papel nunha posterior miniserie, así como na renovada *Amar es para siempre*, de Antena 3 Televisión. Posteriormente, consolidouse como actriz de teatro con obras como *La Noche de la iguana*, dirixida por María Ruíz, *Electra*, dirixida por Ferrán Madico, ou *Paradero desconocido*, dirixida por Laila Ripoll.

En cine, protagoniza -entre outras- *Gernika bajo las bombas*, de Luis Marías; *Arriya*, de Alberto Gorritiberea; *Sinbad*, de Antón Dobao, ou *Tercer Grado*, de Geoffrey Cowper. Entre os seus premios, destacan o Fetega á mellor actriz, o galardón á mellor actriz no Festival Dumas de Cine, o de mellor actriz no Festival Europeo de Castela A Mancha e o de mellor actriz no Kimera Internacional Film Festival de Campobasso (Italia).

www.saracasasnovas.com





Adán Borja Fernández

Na actualidade, Borja Fernández colabora como creador para os principais nomes das artes escénicas galegas. Referímonos a grupos como Chévere, a plataformas artísticas como Voadora ou a coreógrafas como Uxía P. Vaello. Artista multidisciplinar e de ampla formación, Fernández ademais participa en diversas iniciativas musicais. Neste senso, cómpre destacar a súa implicación no colectivo musical *Metamovida* ou na formación de rock absurdo *Es un árbol*.

A súa actual actividade artística baséase nunha ampla e variada formación. Licenciado en Historia da Arte no ano 2000 pola Universidade de Santiago, realizou obradoiros de formación e *whorkshops* de diversas disciplinas, dende a danza até o circo, pasando polo canto e a iluminación. Recibiu as súas ensinanzas de diversos mestres. Carlos Neira, Ana Vallés, Ángel Burgo, Gabriel Chamé, Cristina Domínguez, Leo Bassi ou Django Edwards son algúns dos nomes que axudaron a construír a súa formación artística.

Dende o ano 2001 traballou en máis de corenta producións, entre montaxes escénicas, proxectos musicais e pezas audiovisuais. No seu amplo currículo, destacan as súas participacións nos elencos de producións recentes como *A tempestade* (Compañía Voadora, 2014), *Eurozone* (Grupo Chévere, 2013), *Días sen gloria* (Centro Dramático Galego, 2013) ou *Tokio 3* (Voadora 2012). A súa traxectoria tamén inclúe traballos levados a cabo con directores teatrais tan destacados como son Roberto Leal (*Soños*, da compañía Bicakadela), Quico Cadaval (*Obra*, de Producións Excéntricas ou *Noite de Reis*, no Centro Dramático Galego), Ana Vallés (*Illa Reunión*, tamén no Centro Dramático Galego) ou Carlos Santiago (*Sidecar*, da compañía Belmondo). Ademais, en 2005, Borja Fernández traballou para a célebre *La Fura Del Baus* en *Naumón*. Como creador, recentemente estreou a súa montaxe *Barbazul, unha sabotaxe amorosa* en colaboración coa soprano Mónica de Nut e prestou apoio técnico á última produción da xa citada Uxía P. Vaello, *Fantasma*, unha conferencia-performance que trata de reconstruír parte da historia dos republicanos na Guerra Civil Española.

www.borjafernandez.es



Jenny Victoria Pérez

Actriz nacida na Coruña e licenciada en Humanidades, Victoria Pérez formou parte das Aulas de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela e mais da Universidade da Coruña, centro no que se postgraduou en Estudos Teatrais e Audiovisuais e onde obtivo o DEA en investigación didáctica de Teatro, Expresión Corporal e Sociedade.

Intérprete en constante formación, recibe clases de interpretación e dirección con mestres e directores como Joel Beddows, Andrés Lima, Jose Carlos Plaza, Akiko Aizawa, Carmen Portaceli, Iaroslav Bielski, Bob McAndrew, W. Stanieswki, Ánxeles Cuña, Iñaki Aierra, Benito Zambrano, Chevy Muraday, Carlo Boso ou Mar Navarro.

Traballou para compañías como Teatro do Noroeste nas montaxes *Romeo e Xulieta*, *Extrarradios comedia das mulleres desesperadas*, *Touporroutou da Lúa e do Sol* -en coproducción co Centro Dramático Galego-, *Historias Peregrinas* ou *Piratas*; para Teatro do Atlántico en *O Xogo de Yalta*; con Elefante Elegante na peza *Iliria*, e para Caramuxo Teatro e A Contrabutaca en montaxes de teatro infantil.

Victoria Pérez recibiu no ano 2009 o premio á mellor actriz no FETEGA polo seu traballo en *Extrarradios comedia das mulleres desamparadas* e obtivo unha candidatura á mellor actriz secundaria nos María Casares no ano 2012.

No eido audiovisual participou en series de televisión de gran éxito a nivel estatal, como *Hospital Central*, *Toledo* e *Sin tetas no hay paraíso*. O público galego coñece grazas ás máis populares series da Televisión de Galicia. Producións como *Matalobos*, *Libro de Familia*, *A vida por diante* ou *Padre Casares* contaron con Victoria Pérez nos seus elencos.

Como creadora, recentemente produciu o espectáculo *Eu encargábame dos nenos e o meu home da parte dos gastos*. Na actualidade codirixe a compañía Pérez&Fernández que está en xira co espectáculo de monicreques e actores *O poder de Amabel*.



Feli Machi Salgado

Machi Salgado, actor polivalente que ten demostrado a súa calidade tanto no escenario coma diante da cámara. Teatro, cine e series de televisión engordan un currículo que, no pasado 2015, viuse recoñecido nos XIX Premios María Casares de Teatro co galardón á mellor interpretación masculina protagonista. A profesión celebraba así o seu traballo e todo o talento que verteu no personaxe principal da obra *O Feo*, da compañía Catro Cadeiras. Salgado recibía esta distinción despois de moitos anos de formación e oficio, cunha carreira de longo percorrido que iniciou a finais dos anos noventa.

Naquela época, estivo vinculado á Aula de Teatro da USC na que, dirixido por Roberto Salgueiro, participou en montaxes como *A cabeza do dragón* (texto de Valle-Inclán, 1998) ou *Os vellos non deben de namorarse* (obra de Castelao, 1999).

Pouco despois, comezará a traballar con Balea Branca, realizando papeis protagonistas en montaxes como *O bico da muller araña* (2003), ou *Ai, Carmela!* (2003). Non tardaría en traballar no Centro Dramático Galego, onde realizou un papel protagonista na adaptación da obra *A boa persoa de Sezuán*. No seu traballo escénico, tamén destacan os seus traballos con ESCENATE, onde desenvolveu unha longa lista de papeis ou coas montaxes da Escola Superior de Arte Dramática (ESAD), onde intervén en montaxes como *A disputa*, *A Illa dos escravos* ou o *Dondo sabor das mazás*. Precisamente na ESAD acadou a Titulación Superior de Arte Dramática, coa que culminou unha ampla formación que cultivou tamén con mestres do nivel de Asumpta Senra, Montxo Armendáriz ou Scott Cleverdon en diversos cursos e obradoiros.

No audiovisual, ten participado con roles secundarios nunca longa lista de series, como son *O Faro*, *Matalobos*, *Rías Baixas*, *Escoba*, *Pazo de Familia* ou *Serramoura*. Tamén formou parte dos elencos de filmes como *Doentes*, telemovies como *Cota Roja* ou en curtas como *Unary* (2014), do director Luis Avilés.



Dirección e Dramaturxia Carlos Álvarez-Ossorio

Licenciado en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Sevilla, o actor e director Carlos Álvarez-Ossorio conta cunha ampla formación no ámbito escénico alicerzada polo seu paso por centros como o Instituto Andaluz de Teatro ou o Centro de Investigación Teatral Territorio Nuevos Tiempos de Sevilla (TNT).

Ao longo dos anos desenvolveu o seu traballo cos compoñentes de formacións como Odin Teatret, do Berliner Ensemble, da Escola Biomecánica Rusa, da London Academy of Performing Arts ou do Toneelgroep Amsterdam. En 1996, funda a súa compañía, Cámara Negra, na que exerce como director e coa que obtivo importantes premios. Entre os galardóns recibidos, cómpre destacar o Premio José Luis Alonso da ADE (Asociación de Directores de Escena de España) 2006 para novos directores pola obra *A casa do pai*, o Premio Telón Chivas 2004 ao Mellor Autor Veterano por *Apuntes para un Hamlet* ou o Premio na IX Mostra de Teatro de Barcelona 2004 por *Hamletmaschine*.

Máis alá da súa compañía, Carlos Álvarez-Ossorio traballo como director en entidades coma o Centro Andaluz de Teatro, a Convención Teatral Europea, no Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo, no Corral de Comedias do Parque Temático Isla Mágica de Sevilla ou a compañía maltesa Producciones Sonakay. As súas montaxes, ademais, viaxaron nos últimos anos por toda España e polo estranxeiro, visitando países como Cuba, Grecia, Alemaña ou Malta.

A súa traxectoria profesional complétase con outros cargos de responsabilidade -como a dirección artística da Feira de Teatro de Calle LaTeatral (Sevilla)-, formativos -profesor na Escola de Teatro Santart de Compostela- ou de director convidado en encontros europeos como o Connaitre, produire, jouer le jeune Théâtre Européen, organizado en Francia polo Centro Europeo para Directores Novos. Ao longo dos anos, ten impartido multitude de cursos de formación e conferencias sobre as artes escénicas.

www.camaranegra.org



Escenografía Suso Montero

Escenógrafo e artesán. Ten deseñado carteis, figurinos e decorados para un total de 41 producións teatrais profesionais, entre as que destacan *Informe para unha Academia* (Troula, 1983), *Almas perdidas* (CDG-Artello, 1987), *Moleques* (Ollomol, 1989), *Batea* (Artello, 1990), *Un refaixo para Celestina* (CDG, 1993), *Escola de Bufóns*, (1996, Ollomol), *Metamorfose* (2000, Ballet Druída) ou *De fábula* (2005 Artello). Nos últimos anos, encargouse da escenografía de montaxes como *Noiteboa* (Redrum Teatro, 2015) ou *Ensaio sobre a cegueira* (Sarabela, 2015)

Dende 1987 ten deseñado máis 240 decorados para diversos programas da Televisión de Galicia, entre eles *A toda máquina* (1987), *Corazonada* (1989), *Adiviña quen vén esta noite* (1990), *Unha de romanos* (1991), *Luar* (1993/2000), *A casa da conexa*, *Land Rober*, diversas xiras do *Xabarin Club* (1997/99), *Supermartes* (1996/2003), *Máxima Audiencia* (2004-2005) e innumerábeis especiais de Verán, Nadal, Reis, Aniversarios, Moda, 25 de Xullo ou entregas de premios.

Entre 1990 e 2005 encargouse dos decorados do Telexornal. Dentro do audiovisual e entre outros traballos, Montero foi axudante de dirección artística do filme *O lapis do carpinteiro* (2001), e director artístico das teleseries *Mareas Vivas* (1998), *Galicia Express* (2000), *Pequeno Hotel* (2001), *Piratas*, *O Códice* ou *Hospital Real*. Recibiu o premio ao mellor vestiario nos Premios María Casares, por *Escola de Bufons* e nos AGAPI por *A noiva de medianoite*. Ademais, foi galardoado coa Medalla de Ouro da Feira Internacional de Artesanía de Múnic (Alemaña, 1991) e co Premio de Deseño Artesanal da Consellaría de Industria e Traballo da Xunta de Galicia (1995). Encargouse da escenografía das últimas galas dos Premios de Teatro María Casares, traballando con compañías como Bacana, Ibuprofeno e Elefante Elegante.



Música Orixinal

Pablo Seoane

Intérprete e compositor, Pablo Seoane (Ferrol, 1968) conta cunha ampla formación que reborda as marxes da música. Así, ademais de ter estudado no Conservatorio Musical Superior da Coruña e con diversos cursos e master-class, conta con estudos de Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e de Filoloxía

Inglesa na Universidade de Salamanca. Grazas a esta bagaxe no ámbito filolóxico, exerceu como lector de Lingua e Literatura Españolas na Universidade de Wake Forest (Carolina do Norte, EUA) e traduciu ao galego obras como *Desobediencia civil e vida sen fundamento* (de H.D Thoreau, Edicións Positivas 2001), *Rough for Radio* (Samuel Beckett, 2003), ou o poemario *Le Bestiaire* (de Guillaume Apollinaire, Positivas 2015).

Como compositor e instrumentista de espectáculos teatrais, Seoane participou en montaxes como *Coma*, *Gramática Caníbal* (monólogo de Cláudia Campos), *Miramira* (compañía Ultramarinos de Lucas), *Entre Silencios* (Mu Teatro) ou *Match de Improvisación Teatral* (dirixido por Simone Negrín).

Participou nun feixe de discos de diferentes formacións: *A falsa baiana* (con Cláudia Campos Trío, 1998), *Cruzada* (Grupo do Seminario de Jazz de Pontevedra, 2003), *Falou* (Pablo Seoane Trio, 2006), SAR 40 (xunto a LAR Legido, 2009), *Pronto acabará el sufrimiento* (Tripo, 2013) ou *Inópia* (xunto a Lar Legido e J.M Díaz). Son só uns poucos exemplos dun artista que, ademais, residiu en Río de Janeiro, onde traballou como compositor e pianista de Compañía Mu Teatro; que fundou a ROFCOM (Real Orquestra Fortuíta da Costa da Morte); que codirixiu as IV Xornadas de Filosofía da Costa da Morte (Pensar a Voces) ou que dende 2006 actúa en festivais, teatros e salas dentro e fóra de Galicia. Por último, débese destacar que vén de estrear no Teatro Principal de Santiago de Compostela a obra *Bestiario Traído*.



Iluminación

Octavio Mas

Artista plástico con ampla experiencia, Octavio Mas leva preto de 25 anos como iluminador e director técnico en diferentes disciplinas das artes escénicas: ópera, concertos, teatro, danza ou *performance*. Natural de Vigo, estudou na escola de Artes e Oficios de Vigo e trasladouse en 1989 a Santiago, onde compaxinou os seus estudos de Fotografía na Escola Mestre Mateo

co seu traballo de iluminación na TVG. No ente público exerce durante sete anos e posteriormente participa en rodaxes de cine e publicidade con empresas como Peymar SL, Faro ou CTV. Ao tempo, principia o seu vencello coas artes escénicas.

Con máis de 150 deseños e preto de 1.500 representacións, o seu estilo caracterízase por unha evolución cara á iluminación máis contemporánea. Ao longo da súa carreira, o seu estilo acabou caracterizándose por unha evolución cara á iluminación máis contemporánea, así como a dirección técnica, en xira, das súas instalacións.

Traballou con compañías e entidades como o Centro Dramático Galego, o Centro Coreográfico Galego, UVeGa, Casa Hamlet, P.T. Excéntricas, Chévere, Nut teatro, A factoría, La macana, Teatro do Morcego, Eme2, Seiva Troup. Elefante Elegante, Retouramount, Colegio del cuerpo, Pistacatro, Entremans, Javier Martín Danza, El conde de Torrefiel.

Presentou as súas instalacións en festivais e cidades de todo o mundo: París, Roma, Berlín, Barcelona, Brasilia, Venecia, Madrid, San Petersburgo, Ciudad de Panamá, Potsdam, Lyón, Marsella, Porto, Recife, Nantes, Zurich. Bruselas, Rio Preto, Sao Paulo, Bogotá, Lisboa, Santiago de Cuba, Roubeaux, Almagro, Groningen, Monterrey, Rennes, Aveiro, Montemor, Montpellier. San Sebastián, Bilbao, Vitoria-Gasteiz, Calais, Cadiz, Oviedo, Braga, Palma de Mallorca, Granada, Murcia, Pinto, Faro, Salamanca, Cigales, Pamplona, Burgos, Alcalá de Henares, Valladolid, Alicante, Estarreja, Las Palmas, Tarrasa, Xirona, etc...

Entre os seus recoñecementos, destacan os Premios María Casares 2007 á mellor iluminación por *O regreso ao deserto* (CDG) e por *Oeste solitario* (Produccións Excéntricas, 2012).




Vestuario

Esther Souto

Esther Souto formouse como técnica superior en maquillaxe na Escola Cazcarra de Barcelona, en deseño de estilismo en moda na escola Goymar da Coruña e en técnicas de policromía artística na Escola de Artes Pablo Picasso. Tras esta aprendizaxe, a súa carreira profesional transcorreu no deseño na industria téxtil, no estilismo de eventos, na maquillaxe artística e na docencia, impartindo clases de estilismo e maquillaxe. Tras o seu paso por Caramelo, onde iniciou a súa traxectoria profesional, na actualidade traballa en Active Line, como deseñadora de coleccións para clientes líderes en prontomoda, como son H&M, Grupo Inditex, Pinkie ou Mango. Con anterioridade, traballou como deseñadora en Kuroda. Para Fuentecapa, encargouse do deseño da colección de Kapala, como tamén dos deseños de prendas de marcas como Obrero, Viridianna e Wuming.

Mergullouse en proxectos artísticos a través da súa colaboración no programa de televisión Amor na Rede, en longametraxes como Maldita Sangre, de Café con Gotas Producciones ou en montaxes teatrais como Palabras malditas, de Teatro do Noroeste, e Ensaio sobre a cegueira, de Sarabela Teatro, na que se encargou do estilismo e o figurinismo.

Como estilista exerceu na sala Shoko de Madrid e realizou a imaxe do grupo musical Moon Cresta y El cuerpo del ritmo para a edición dos discos e en eventos promocionais de difusión internacional. Tamén traballou na maquillaxe de pasarela nas Xornadas Llongueras de Barcelona, no bodypainting das festas das discotecas Elephant e Buda. Pasou polas canles Gestmusic, Canal Latino e Canal 25, onde se encargaba da maquillaxe dos presentadores.



Deseño Gráfico e Video

Manuel Silva

Manuel Silva é un artista multidisciplinar, titulado en Escultura, Ilustración e Deseño Gráfico na EASD Mestre Mateo de Santiago de Compostela e na EASD Pablo Picasso da Coruña. Despois da súa formación en Galicia, trasladouse a Barcelona para realizar estudos audiovisuais na ECIB.

Comeza dedicándose profesionalmente á ensinanza e ao deseño gráfico e nos últimos anos especialízase no eido audiovisual, participando en pezas de animación como *Leo* e *O Apóstolo* e a filmación e dirección de documentais como *Ejes* ou *FAC*. Ademais, crea un selo audiovisual propio, Edición Rusa, dedicado a dar cobertura a contidos artísticos e culturais. Traballou de editor de programas de televisión como *Perdidos en Galicia* para Voz TV e realizou os grafismos de distintas emisións da TVG. Encargase da realización audiovisual en diferentes eventos e festivais da relevancia do Curtocircuito ou do Carballo Interplay.

Como realizador audiovisual, Silva participou en diferentes galas dos Premios de Teatro María Casares e na cerimonia de entrega dos Premios da Cultura Galega en 2013, galardóns organizados pola Xunta de Galicia. Traballa no ámbito do deseño e na maquetación para diversos organismos do goberno autonómico, así como para diferentes concellos. Neste campo, destacan traballos como o desenvolvido nas Unidades Didácticas Concepción Arenal e María Wonenburguer da Secretaría Xeral de Igualdade, Regala Arousa Norte, Rocharte ou Nsaio (Xunta de Galicia).



Comunicación

Alberto Ramos

Xornalista e escritor. Licenciouse en Xornalismo Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela en 2009. Dende aquel ano, encamiñou a súa carreira profesional no eido da información cultural. Ao saír da facultade, entrou a traballar en Xornal de Galicia na súa sección de economía. Pouco tempo despois pasou ás páxinas Cultura do mesmo xornal até outubro de 2011, momento en que a cabeceira bota o peche tres anos despois da súa creación.

Despois da desaparición de *Xornal*, comeza a colaborar como freelance cultural en medios como Praza Pública, *A Cuarta Pared*, *Sermos Galiza* ou a revista *Luzes*, dirixida por Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro. Ademais, realiza traballos de comunicación corporativa, institucional e cultural. Neste eido, exerceu brevemente como membro do equipo de prensa en entidades como Portos de Galicia, ente dependente da Consellería de Mar e Medio Rural; na Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), como encargado de comunicación dos Premios de Teatro María Casares e coa promotora Sinsalaudio, coa que colabora e coa que codirixiu a estratexia de comunicación do proxecto *Música en Branco*, organizado pola Concellería de Cultura da Coruña.

Como escritor publicou catro novelas e participou nun libro colectivo. Estreouse na literatura con *Dor Pantasma* (Biblos, 2006), obra coa que conseguiu o Premio Biblos Pazos de Galicia de novela. Tres anos despois acadou o Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia grazas á obra *Con acuse de recibo* (Biblos, 2010). En 2012, gañou o Premio Vicente Risco do Concello de Ourense co libro *Todos os días* (Sotelo Blanco, 2013). No ano 2014, o seu texto *Máscaras rotas para Sebastian Nell* (Galaxia, 2014) acadou o Premio García Barros de novela.



Producción executiva

Marta Horjales

Licenciada en Enxeñería Industrial, Marta Horjales combinou ao longo da súa traxectoria profesional a xestión, a consultoría e a loxística de diversas empresas industriais coa produción executiva e xerencia de multitude de proxectos culturais, vencellados principalmente ao ámbito das artes escénicas e musicais.

No eido cultural, Horjales foi de xerente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) entre 2007 e 2010. Nese cargo responsabilizouse da captación de fondos, das relacións institucionais e da planificación económica. Asumiu ademais a Produción Executiva e a Dirección de Produción dos Premios de Teatro María Casares dende a edición de 2008 ata actualidade así como a organización de xornadas profesionais no ámbito das artes escénicas e audiovisuais.

Horjales, por outra banda, coordinou as reunións da Plataforma das Artes Escénicas e da Plataforma Audiovisual, formadas polas asociacións profesionais do sector en Galicia. Dirixiu e coordinou tamén o proxecto da recentemente estreada web da AAAG. A súa experiencia na produción executiva inclúe tamén a fundación e produción das tres primeira edicións do Festival Internacional de Teatro Cómico Manicómicos da Coruña e a organización de múltiples eventos para diferentes concellos de Galicia.

Na actualidade, traballa como socia directora na empresa La Yogurtera S.L., especializada no desenvolvemento, organización, planificación e produción de eventos e espectáculos. Nesta entidade encárgase ademais da coordinación de proxectos culturais e asesoramento en xestión de empresas e asociacións do eido cultural.

Horjales desenvolveu diversas facetas empresariais no sector industrial, centrándose en empresas como Archivo 2000, Vicaro Confección, Vodafone ou H.F Aplicaciones Industriales.

CONTACTO

Marta Horjales

Tel: +34 606044298


e-mail: marta@layogurtera.es

LA YOGURTERA S.L

OFICINA DE PRODUCCIÓN DE PROXECTOS CULTURAIS

C/SOL 20 10B

15003 A CORUÑA



la yogurtera